

# ENCONTRO DE EMBARCACIONES TRADICIONAIS DE GALICIA

Bases para a presentacións de proxectos  
para sede

Novembro de 2015



## Presentación

As presentes bases reformáronse no outono de 2015 e foron aprobadas por acordo da Asemblea Xeral Ordinaria o 28 de novembro de 2.015, substituíndo as bases anteriores.

As presentes bases teñen por obxecto regular, orientar e servir de guía ás entidades que presenten proxectos para albergar unha edición do Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia (EETG).

Algúns apartados destas bases fixan contidos mínimos ou normas de obrigado cumprimento, mentres que outros establecen criterios ou obxectivos que se perseguen. Os proxectos axustaranse ao regulado nas bases, malia non restrinxirse a admisión de innovacións e propostas da entidade e vila respectiva.

## Contidos

1. Consideracións iniciais sobre o EETG e a presentación de proxectos a sede
2. Obxectivos do EETG
3. Temporalidade
4. Carácter itinerante
5. Participantes no EETG
6. Voluntariado e implicación cidadá
7. Língua
8. Natureza xurídica do EETG e entidade que o convoca
9. Entidades que poden presentar proxectos para sede do EETG
10. Anuncio de convocatoria
11. Presentación de proxectos para sede do EETG
12. Contidos dos proxectos para sede do EETG
13. Presenza de Culturmar
14. Criterios de valoración
15. Decisión da sede do EETG
  - Anexo I. Comité organizador
  - Anexo II. Participación do Concello

## 1. Consideracións iniciais sobre o EETG e a presentación de proxectos a sede

As entidades que presenten proxectos para sede, han ter presente o carácter e obxectivos do Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia (EETG) e mais as peculiaridades organizativas do mesmo:

- O EETG configúrase como a Gran Festa da Cultura e do Patrimonio Marítimo e Fluvial de Galicia, de maneira que o protagonismo correspóndelle de xeito principal e prioritario ao patrimonio marítimo e fluvial, nomeadamente ás embarcacións tradicionais.

- O EETG é tamén desde as orixes unha xuntanza internacional á que concorren entidades doutros territorios e culturas coas que a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (en diante Culturmar) mantén estreitos vencellos culturais e de amizade arredor do patrimonio marítimo e fluvial.

- A esta presenza galega e foránea as entidades locais que propugnan un proxecto han engadir a exhibición e promoción do patrimonio da vila e bisbarra que acolle o EETG, dándolle carácter e personalidade propia á edición e converténdoa nunha celebración impulsora da sensibilización social a prol da preservación do patrimonio e da dinamización cultural, social e económica local.

- As entidades que achegan un proxecto para sede do EETG, ao facéreno como integrantes de Culturmar e dentro do sistema de quendas establecido pola itinerancia, asumen o compromiso de se responsabilizaren de boa parte do labor organizativo desa edición do EETG e de poñérense ao servizo do conxunto de Culturmar.

## 2. Obxectivos do EETG

Culturmar fixa os seguintes obxectivos:

- Divulgar, conservar e reivindicar a cultura e o patrimonio marítimo e fluvial galego.

- Salientar o traballo das asociacións e entidades galegas a prol das embarcacións tradicionais.

- Fomentar o uso social e a dinamización do patrimonio marítimo e fluvial.

- Poñer en valor o patrimonio marítimo e fluvial da contorna da

sede que acolle o EETG e contribuír a potenciar a súa riqueza cultural e natural.

Os proxectos presentados, amais de plasmar estes obxectivos xerais a nivel local e comarcal, poderán engadir outros complementarios.

### **3. Temporalidade**

O EETG celebrarase cada dous anos. Considérase a primeira edición a do ano 1993, polo que as posteriores estarán enumeradas correlativamente a esta data.

### **4. Carácter itinerante**

Culturmar elixiu o carácter itinerante do EETG como sistema máis acaído para difundir e fomentar a cultura marítima e fluvial pola costa galega e para impulsar por todo o territorio a preservación do patrimonio. De por parte, supón unha actividade de dinamización dos valores patrimoniais, culturais e naturais da comarca que acolle o EETG.

O indicado anteriormente non impide que unha edición poida recaer nunha sede onde xa se realizara anteriormente outra. Excepcionalmente, no caso de considerarse estratéxico no camiño da consecución dos obxectivos que o EETG persegue, a Xunta Directiva de Culturmar ou calquera das asociacións que a integran, antes de se abrir a convocatoria de proxectos para sede, poderán propoñerlle á Asemblea unha sede determinada.

A itinerancia, así mesmo, permite establecer un sistema de quendas entre as entidades integrantes de Culturmar no esforzo organizativo que require o EETG.

## 5. Participantes no EETG

O EETG é a gran cita para todas as entidades asociadas a Culturmar, tanto no que atingue a embarcacións e tripulacións como respecto a outras actividades que desenvolven no eido patrimonial, polo que han considerarse convocadas no mesmo momento en que Culturmar anuncia a sede elixida, sen prexuízo de poderen logo recibir invitación por parte da organización. Ao EETG tamén son invitados outras entidades e particulares que por diversas razóns se considera oportuna a súa presenza. E, dado o seu carácter internacional, tamén participan entidades e institucións representativas da cultura marítima e fluvial doutros territorios.

## 6. Voluntariado e implicación cidadá

Voluntariado e implicación cidadá son atributos inherentes ao labor de Culturmar e fan en gran medida posible a realización do EETG. Voluntario e altruísta é o compromiso a prol da preservación do patrimonio, nomeadamente das embarcacións, que desenvolven decote os colectivos de Culturmar, así como desinteresada é a súa participación no EETG. Voluntario é o traballo organizativo das entidades locais e dos colaboradores na organización e desenvolvemento dunha edición do EETG. Consonte este proceder, a organización ha procurar tamén a implicación de persoas, entidades, gremios e empresas (comercio, hostalaría...) e da veciñanza en xeral a través da vestimenta, da ornamentación acaída de prazas, rúas, escaparates, elaboración e presentación especial de produtos etc., a fin de converter nunha senlleira celebración colectiva a festa de exaltación do patrimonio que é o EETG.

## 7. Lingua

A lingua galega, consonte o carácter patrimonial do EETG, será o idioma de uso habitual e preferente en todas as manifestacións

orais e escritas do mesmo. Dado o carácter internacional do evento e a participación de entidades e tripulacións provintes doutros territorios e culturas, procurarase puntualmente o uso doutros idiomas a fin de facilitar a participación e acollida deses participantes.

## **8. Natureza xurídica do EETG e entidade que o convoca**

ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA é unha marca rexistrada propiedade da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (Culturmar), co número de rexistro 2.934.424 da Oficina Española de Patentes e Marcas do Ministerio de Industria e Comercio.

Asemade, o EETG é a celebración máis importante e unha das actividades máis salientables de cantas organiza e promove Culturmar. En consecuencia, correspóndelle a Culturmar convocar a celebración do evento coa denominación “Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia”, así como fixar os criterios e os contidos mínimos dos proxectos, valoralos e decidir a sede do EETG. En todo caso, Culturmar reservará para si mesma as actuacións que considere oportunas e poderá establecer particularidades en cada edición do EETG, que se incorporarán ao anuncio de convocatoria.

## **9. Entidades que poden presentar proxectos para sede do EETG**

Poderán facelo as asociacións ou entidades integradas en Culturmar, individualmente, agrupadas ou liderando un proxecto no que inclúan outras entidades colaboradoras.

## **10. Anuncio de convocatoria**

Culturmar deberá anunciar en Asemblea Xeral, con anterioridade ao primeiro trimestre do ano anterior á celebración dunha edición do EETG, o anuncio de convocatoria de presentación de proxectos para sede. No anuncio determinaranse tamén as posibles particularidades de cada edición.

## **11. Presentación de proxectos para sede do EETG**

Culturmar fixará no anuncio de convocatoria o prazo para a recepción dos proxectos, que en todo caso non deberá superar o mes de abril seguinte ao anuncio. Os proxectos enviaranse a Culturmar por correo ordinario, electrónico ou directamente ao enderezo da sede social.

## **12. Contidos dos proxectos para sede do EETG**

Malia que o programa xeral do EETG e o contido das distintas áreas os desenvolverá con posterioridade o Comité Organizador, os proxectos deberán achegar ou desenvolver, como mínimo, as seguintes cuestións:

### **12.1. Respaldo do Concello**

Achegarase documentalmente o respaldo do Concello da sede proposta, conforme o que se especifica no Anexo II destas bases.

### **12.2. Respaldo da entidade que xestione ou ocupe a lámina de auga**

(confraría, club, asociación...) onde se ubicarán as embarcacións participantes no EETG, expresándoo mediante acordo da súa xunta directiva, onde reflicta o seu compromiso para realizar as xestións precisas a fin de habilitar o espazo necesario para o amarre e o



atraque das embarcacións.

### **12.3. Descrición da sede proposta e dos seus valores patrimoniais**

Farase un descrición sintética da vila, contorna e porto onde se pretenda celebrar o EETG, salientando os seus valores e activos patrimoniais, sobre todo os vinculados á cultura marítima.

### **12.4. Carácter singular da edición**

Inseridos nos obxectivos xerais que o EETG persegue, sinalaranse o eixo central ou os elementos clave, tanto tradicionais coma innovadores, que servirán de elemento vertebrador dunha parte substancial das actividades e conferirán personalidade diferenciada á edición.

### **12.5. Organización**

Conforme se expón no Anexo I destas bases, será o Comité Organizador, que se ha constituír de xeito inmediato tras a escolla de sede, o órgano decisorio sobre a organización e o desenvolvemento do EETG. O proxecto ha achegar unha relación de colaboradores e de posibles patrocinadores. Con carácter xeral, a participación das diferentes entidades distribúese nas seguintes categorías:

- **Organizadores.** Serán Culturmar, a entidade que asume ou lidera o proxecto e o Concello da sede. Correspóndelles a maior parte do labor organizativo e a coordinación do EETG.

- **Patrocinadores.** Fan as principais achegas económicas e materiais, sen incidiren apenas no aspecto organizativo. Malia que boa parte dos patrocinadores, sobre todo os institucionais, serán posteriormente procurados desde o Comité Organizador, o proxecto fará un esforzo por achegar patrocinios, fundamentalmente locais.

- **Colaboradores.** Son os colectivos, entidades públicas e privadas, así como particulares, que achegan a súa colaboración en aspectos concretos e parciais da organización, ou mesmo con pequenas achegas económicas ou materiais. Deberá explicarse con claridade o papel que desenvolverán os distintos colaboradores, evitando os apoios en abstracto. As outras asociacións pertencentes a Culturmar, agás que sexan copartícipes do proxecto asumindo compromisos organizativos, non figurarán como colaboradores e absteranse de expresar o seu apoio a un proxecto concreto ata a celebración da Asemblea de Culturmar na que se decida a sede.

## 12.6. Áreas de actuación

Aínda que, co fin de axeitalas ás necesidades organizativas, o número de áreas e as súas competencias se trazarán logo no seo do Comité Organizador, o proxecto ha desenvolver coa maior concreción posible as áreas que se expoñen a seguir. Con todo, ao se constituír o Comité Organizador, Culturmar achegará unha guía e un cronograma para cada área como proposta primeira de traballo.

- **Embarcacións e navegación.** Por conformaren a actividade máis importante do EETG, a súa configuración e concreción serán determinantes, de maneira que se deberán achegar os seguintes contidos mínimos: condicións dignas para acceso, amarres e atraques das embarcacións que permitan a súa exhibición coma un museo vivo e a organización de visitas guiadas ás mesmas; un programa provisional de navegacións e regatas con boa visibilidade desde terra; saídas ao mar para visitantes, en embarcacións tradicionais e noutras; plans de seguridade, embarcacións e tripulantes voluntarios de apoio; propostas diversas de actividades arredor das embarcacións: desfiles, bautismo de mar de novas embarcacións...

- **Loxística en terra.** Cómpre a máxima concreción nos seguintes apartados que recollen as necesidades básicas para a atención de participantes e visitantes, así como para a instalación ou realización das actividades. Sinalaranse especialmente os medios existentes de uso gratuíto que eviten custos na creación de espazos e na achega dotacional.

- . Acollida de tripulantes e outros participantes: aloxamento gratuíto (baixo cuberta e acampada...) coa conseguinte dotación, conserxería e limpeza das instalacións; manutención: cociña industrial gratuíta e transporte da comida; espazo mariñeiro: instalación de carpa mariñeira ou dispoñibilidade duna instalación que a suplise; taberna(s) mariñeira(s).

- . Locais, espazos e dotación etc., gratuítos, para a atención das tripulacións, delegacións, información, estacionamentos de vehículos e remolques, así como para mostras, exposicións, relatorios, recitais, concertos etc.

- . Servizos para os visitantes: comunicación, estacionamentos, hostalaría etc.

- **Comunicación.** Malia ser tamén unha das principais tarefas a desenvolver polo Comité Organizador, valorarase a presentación dun bosquexo da imaxe desa edición e das estratexias comunicativas (prensa, web, facebook...), tendo presente a necesidade de difundir o EETG en tres niveis: comarcal, galego e

foráneo.

- **Cultural e de lecer.** O proxecto achegará unha proposta de actividades culturais e de lecer, sexan as estreitamente vinculadas co patrimonio marítimo e fluvial, sexan as de índole máis festiva e de lecer. A programación definitiva destas actividades, que estará condicionada polo financiamento posteriormente acadado, conformarase no Comité Organizador, pero darase conta especialmente daquelas achegas locais e comarcais nos distintos ámbitos: obradoiros, exposicións, artesanía, engalanamento do espazo portuario e vilego, diferentes manifestacións artísticas (música, teatro, cinema, recitais...), presentación de publicacións, animación de rúa, coñecemento do entorno etc., así como temática ou relatorios das Xornadas Técnicas. Neste ámbito, coma nos demais, valorarase especialmente a implicación voluntaria e desinteresada de axentes locais e comarcais.

- **Voluntariado e implicación cidadá** (véxase apartado 6º). Aínda que Culturmar será a responsable de convocar os distintos colectivos que a integran e outras entidades que traballan na preservación do patrimonio, a entidade local será a responsable de sinalar os colaboradores locais e de procurar o voluntariado acaído para cada unha das tarefas: atención a embarcacións e tripulantes (áreas de pernoctación e manutención, apoio á navegación...), a visitantes, á dinamización das distintas actividades culturais e de lecer... . Valorarase positivamente a presentación de estratexias para a recadación de voluntariado e dunha listaxe de colectivos ou persoas que se comprometan como voluntarios, así como o deseño dun plan específico para a implicación da veciñanza.

## **12.7. Orzamento e financiamento**

A procura de axudas e subvencións, sobre todo da Administración, é labor posterior do Comité Organizador. Secasí, o proxecto, amais de reflectir a aportación aprobada polo Concello, achegará outras aportacións económicas ou materiais de empresas ou entidades patrocinadoras e colaboradoras, e sinalará outras potenciais fontes de financiamento.

## 13. Presenza de Culturmar

Culturmar participará como axente principal en todas as decisións e labores organizativos do EETG, e sinaladamente nas seguintes actuacións:

- Embarcacións e navegación: convoca a todas as entidades asociadas a Culturmar para asistir ao EETG; tamén ás delegacións de fóra de Galicia, sen prexuízo de que algunhas destas últimas reciban invitación conxunta asinada tamén pola entidade local, o Concello ou mesmo outra administración.
- Exposicións sobre Patrimonio Marítimo e Fluvial: Culturmar, as asociacións que a integran e as delegacións invitadas contarán cos espazos necesarios, sen custo ningún, para albergar mostras sobre calquera aspecto relacionado co patrimonio marítimo e fluvial.
- Publicación da revista Ardentía: Culturmar editará, con motivo da celebración do EETG, un número da revista Ardentía; a súa presentación, difusión e gastos de edición estarán integrados nas actividades e no orzamento xeral do EETG.
- Comité Organizador: Culturmar, amais de ser axente principal do Comité Organizador, da coordinación xeral e de formar parte de cada unha das áreas, achegará a súa experiencia en edicións anteriores e procurará unha actuación única por parte de todos os compoñentes. Ao se conformar o Comité Organizador, achegará unha guía e un cronograma para cada área.
- Culturmar elaborará os dosieres e demais documentación necesaria de presentación do EETG ante os potenciais patrocinadores, públicos e privados; do mesmo xeito, unha vez rematado o EETG, será responsable da elaboración da memoria do mesmo.
- Publicidade e comunicación: Culturmar formará parte de calquera rolda de prensa relacionada co EETG, independentemente de quen a organice. O nome e o anagrama de Culturmar, xunto coas outras entidades organizadoras, figurará en todas as publicacións ou material de difusión e publicidade que se edite, así coma nos comunicados aos medios de comunicación que se realicen co gallo do EETG.

## **14. Criterios de valoración**

Os proxectos para sede do EETG presentados en prazo avaliaranse de acordo cos seguintes criterios.

1. Calidade do plantexamento loxístico en mar e terra para participantes e visitantes.
2. Calidade das actividades propostas a prol da consecución dos obxectivos do EETG consonte o apartado 2º destas bases.
3. Garantía na organización e implicación de colectivos, asociacións e entidades da comarca.
4. Singularidade, concepción e grao de innovación do proxecto.
5. Apoios económicos ou materiais.

## **15. Decisión da sede do EETG**

A Xunta Directiva de Culturmar é a encargada de estudar e valorar os proxectos presentados: avaliará a documentación achegada, visitará as sedes propostas e reunirse cos responsables e colaboradores do proxecto. A decisión final da sede do EETG correspóndelle á Asemblea Xeral, previa información da Xunta Directiva. A escolla da sede entenderase, asemade, como un primeiro anuncio de convocatoria para todas as entidades integrantes de Culturmar.

## **16. Anulación**

No caso de forza maior a Xunta Directiva de Culturmar poderá proporlle á súa Asemblea a revogación da sede elixida. De considerar a Xunta Directiva de Culturmar que os criterios seguidos polos axentes locais do Comité Organizador comprometen a viabilidade, ou vaian contra o espírito e obxectivos do EETG, someterá á Asemblea a decisión de mudar de sede ou de anular a celebración desa edición do EETG.

# **ANEXO I**

## **COMITÉ ORGANIZADOR**

O Comité Organizador é o principal órgano de decisión sobre a organización e o desenvolvemento do EETG. Unha vez decidida a sede por parte da Asemblea de Culturmar, constituirase de inmediato.

### **1. Composición do Comité Organizador**

Intégrano: Culturmar, a entidade que presentou ou liderou o proxecto para sede, o Concello onde se organice o EETG, a entidade que xestiona a lámina de auga onde amarrarán as embarcacións e os colaboradores, entidades ou particulares que asuman labores de relevancia e que Culturmar ou a entidade local consideren de interese para a organización do EETG.

### **2. Comisión Permanente**

O Comité Organizador contará cunha Comisión Permanente integrada por:

Culturmar (presidente ou membro en quen delegue), o coordinador xeral (nomeado pola entidade local), o representante do Concello (alcalde ou concelleiro en quen delegue), os dous coordinadores de cada área (un nomeado por Culturmar e outro pola entidade local) e un secretario.

O representante de Culturmar, o coordinador xeral e o representante municipal, conxuntamente, serán os portavoces do Comité Organizador e a representación oficial do EETG.

A tesourería e o control das finanzas, a recepción e xustificación de axudas e subvencións etc., corresponderalle a Culturmar, responsable económica do EETG.

### **3. Funcións**

- Desenvolver as distintas áreas: conformar os equipos respectivos e o programa de actividades de cada unha; establecer o plan de traballo e o cronograma a partir da guía inicial que

achegará a Xunta Directiva de Culturmar e das propostas do proxecto; crear calquera outra área que se considere precisa ou conveniente para o mellor resultado da organización e realización do EETG.

- Solicitar todos os permisos e autorizacións: Concello, Portos de Galicia (lámina de auga e ocupación de espazos en terra), Autoridade Marítima, Autoridade Portuaria, propietarios de instalacións, espazos ou dotacións necesarios para a loxística...

- Establecer o equilibrio orzamentario e a asignación económica para cada área, seguindo as instrucións de Culturmar.

- Todas as decisións sobre o desenvolvemento do EETG han de ser coñecidas e acordadas nas reunións do Comité Organizador, que previamente serán convocadas polo secretario a instancia de Culturmar, da entidade local, da maioría dos seus membros ou acordada na reunión precedente.

Non se admitirá ningún gasto ou actuación realizado ou comprometido por algún dos seus membros que non fose previamente refrendado polo Comité Organizador. De por parte, o propio Comité non aprobará ningún gasto que non conte co ingreso correspondente, garantido e acreditado documentalmente, e coa aprobación da tesourería do EETG.

## **ANEXO II PARTICIPACIÓN DO CONCELLO**

Os proxectos para sede do EETG han achegar documentalmente o respaldo do Concello, que incluírá:

- O acordo unánime do Pleno da Corporación comprometendo a colaboración do Concello co EETG.
- A aceptación destas bases e do carácter e obxectivos do EETG.
- A integración do Goberno Municipal na Comisión Permanente do Comité Organizador.
- A aportación dunha achega económica mínima, que ha figurar no orzamento municipal correspondente ao ano de celebración do EETG, e o compromiso de colaborar activamente na procura de axudas e subvencións doutras administracións, entidades ou empresas.
- O compromiso de poñer ao servizo do EETG elementos de loxística, dotacionais e humanos necesarios para o desenvolvemento das distintas actividades. Valorarase a máxima concreción destes elementos, así coma a achega de actividades acaídas ao evento.

Neste sentido, consonte a experiencia das edicións pasadas, sinalamos algúns elementos imprescindibles no EETG dos que o Concello puidese dispoñer: oferta de aloxamento gratuíto para tripulantes e outros participantes (pavillón, zona de acampada, estacionamentos); espazos e edificios públicos para o desenvolvemento de actividades (exposicións, mostras, relatorios...); elementos dotacionais diversos (palco, megafonías, colectores de lixo e sanitarios); persoal municipal (de administración, obras, policía, protección civil); achega dalgunhas actividades (culturais en xeral, agrupacións musicais, visitas guiadas...)